

En Boiro, sendo as 10:30 horas do día 9 de setembro de 2024, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica no Salón de Actos do IES Espiñeira, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Atención á diversidade: pendentes, repetidores, plans de reforzo...
3. Programacións didácticas
4. Rogos e preguntas.

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.

A Directora, Marta Álvarez, enuncia se procede aprobar a acta anterior. A mesma queda aprobada por unanimidade.

2. Atención á diversidade: pendentes, repetidores, plans de reforzo...

En relación a este punto da orde do día, a directora indica que se deben confeccionar a inicio de curso os documentos de *Plan de materias pendentes* e o *Plan de repetidores*. A este efecto, hai un modelo colgado na páxina web do centro, no apartado de *Organización académica*, previa autenticación do profesorado para acceder. A directora fai un repaso sobre os puntos a encher en ambos documentos.

A continuación, a directora explica o contido de ditos documentos. Respecto do *Plan de materias pendentes*, enuncia que a normativa establece que o debe realizar o profesorado da materia. Cando hai máis dun profesor, pódese asignar un profesor que coordine este plan. Este documento debe ser informado ás familias.

En canto ao *Plan de repetidores*, a directora informa que se concretará con maior detalle na reunión prevista para as titorías. Neste caso é o profesorado titor o que o realiza en coordinación co equipo docente.

As datas para a elaboración e información ás familias do mesmo farase ao longo do mes de setembro.

Detállase que as listaxes do alumnado repetidor e do alumnado con materias pendentes está colgado no *Cartafol de titorías* e no *Cartafol do profesorado*, respectivamente.

En canto ao alumnado con protocolo, Marta informa que a orientadora está de baixa neste momento. A orientadora ten preparado un documento coas NEAE do alumnado do centro. Esta información enviarase aos equipos docentes implicados.

A directora convoca, a continuación do claustro, a unha reunión ao profesorado de 1º ESO para explicar cuestións específicas do alumnado que entra a este curso.

Ao remate da mesma está convocado o profesorado de 4º ESO para expoñer unha situación de acoso escolar que se deu o curso pasado e realizar un seguimento sobre a mesma.

Por último, a directora sinala que, en 2º ESO, unha alumna precisa de adaptación curricular, polo que debe realizarse a programación pertinente.

3. Programacións didácticas.

Reitérase neste punto a información que se deu no claustro de inicio de curso. Estanse a dar incidencias na aplicación de Programacións de FP, de xeito que non aparecen as programacións de primeiro curso nin as de proba libre. Estas incidencias están comunicadas á UAC e prevese que poidan ser resoltas para ter as programacións entregadas ao longo do mes de setembro.

A profesora Margarita Picón pregunta polo prazo para a elaboración das programacións de ACI. A directora indica que as programacións entregaranse ao longo do mes de setembro.

4. Rogos e preguntas.

A profesora Margarita Picón propón á CCP modificar a aula de referencia asignada a 2º ESO, de maneira que se suba o alumnado deste grupo á planta superior, no corredor onde están dispostos os grupos de bacharelato e ciclos formativos, e así separalos do corredor da ESO e da FP Básica. O grupo de 2º ESO intercambiaría aula con 1º bacharelato. O obxectivo é tratar de





mellorar a harmonía nos corredores e a convivencia. A CCP está de acordo con esta idea, polo que se vai probar a súa efectividade.

A profesora Rosario Sorribas, xefa do departamento de Matemáticas pregunta por quen debe elaborar a programación dunha profesora do seu departamento que está de baixa e a mesma aínda non está cuberta. A directora responde que deben ser confeccionadas pola docente substituta á súa incorporación.

Sendo as 11:00 horas, levántase a sesión.

A DIRECTORA



Asdo.: Marta Álvarez Vidal

A SECRETARIA



Asdo.: Paula Muñiz Vilas

Ausentes:

Non houbo.